



Proxecto de Decreto ..., polo que se modifica o Decreto 63/2018, do 31 de maio, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Control da Violencia e o procedemento sancionador na materia.

O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 27.22, atribúe á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de promoción do deporte.

Ao abeiro desta competencia, aprobouse a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, cuxo obxecto é o de promover e coordinar o deporte na Comunidade Autónoma de Galicia, así como ordenar o seu réxime xurídico e a súa organización institucional, de acordo coas competencias que o Estatuto de autonomía e o resto do ordenamento xurídico lle atribúen á Comunidade Autónoma de Galicia.

Tendo en conta a disposición adicional terceira da Lei do Deporte de Galicia relativa a aplicación do Título IX, conforme a súa redacción dada pola Lei 13/2015, de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas debe ser interpretada no marco do Acordo da Comisión Bilateral, do respecto ás competencias da administración xeral do Estado en materia de seguridade pública, protección de persoas e bens e mantemento da orde pública e do ámbito obxectivo de actuación da administración do Estado nesta materia que se circunscribe ás competicións de carácter oficial de ámbito estatal., a Comunidade Autónoma de Galicia regulou a través do Decreto 63/2018, do 31 de maio, a composición e funcionamento da Comisión Galega de Control da Violencia e o procedemento sancionador na materia (DOG Nº 114, do 15 de xuño).

Existe unha especial sensibilidade e preocupación, tanto da cidadanía como das distintas administracións públicas, polos episodios de violencia con ocasión da practica de competicións deportivas oficiais. Preocupación que ten as súas máximas cotas cando, ademais, estes episodios de violencia acontecen con ocasións de competicións nas que participan menores de idade.



Preténdese, a través deste decreto, modificar a composición da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte engadindo, entre as súas vogalías, a dúas persoas de recoñecido prestixio no ámbito das competencias da comisión designadas pola persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte de entre os sectores deportivos de Galicia non contemplados. O obxectivo desta modificación é poder contar coa participación de persoas de recoñecido prestixio no ámbito dos clubs deportivos de Galicia, colectivo moi numeroso e de gran importancia no armazón do deporte galego, que aporten a experiencia e a visión dun colectivo fundamental á hora da proposta de iniciativas, medidas e actuacións nas competencias da Comisión.

Na súa virtude, por proposta da persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de acordo/oido co/o ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do ...,

DISPOÑO:

Artigo Único. Modificación do Decreto 63/2018, do 31 de maio, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Control da Violencia e o procedemento sancionador na materia.

O Decreto 63/2018, do 31 de maio, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Control da Violencia e o procedemento sancionador na materia, queda modificado como segue:

Un. O apartado 1 do artigo 4, Composición, queda redactado do seguinte modo:

«A Comisión Galega de Control da Violencia estará composta por unha presidencia, unha vicepresidencia e 17 vogalías.»

Dous. Engádese un apartado k ao artigo 4, Composición, tal e como segue:



<<k) Dúas persoas de recoñecido prestixio no ámbito das competencias da comisión designadas pola persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte de entre os sectores deportivos de Galicia non contemplados nas letras anteriores.>>

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa

Facúltase á persoa titular da consellería competente por razón da materia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento do presente decreto no relativo á organización e materias propias da respectiva consellería.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

O presente decreto entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia